

Materia: Tec Ind I Curso: 1º BAC Carga lectiva: 3h/semana

Presentación da materia

O programa e temario desta materia ten por finalidade ensinarche os principais procesos que levan a cabo durante a fabricación de produtos na industria.

- Nos primeiros temas da materia aprenderás como se constitúen as cadeas de produción desde a orixe das materias primas até a súa comercialización estudando a repercusión destes procesos na sociedade e no medio ambiente.
- Segundo avance o programa da materia coñecerás medidas para diminuír o impacto social e ambiental da actividade industrial así como sistemas de optimización do rendemento enerxético.
- Entre os contidos da materia tamén se explica os funcionamentos dalgúñas máquinas e ferramentas sinxelas que actúan como compoñentes de sistemas máis complexos.

O contido desta materia constitúe a base para a materia de Tecnoloxía Industrial II que se estuda en 2º de Bacharelato. Ambas as materias están enfocadas a estudantes da modalidade de ciencias que desexan acceder a estudos posteriores relacionados coa enxeñaría, a informática, electrónica etc.

Sistema de avaliación: 70% media das actividades prácticas e 30% media dos Test

Contidos

- Produtividade industrial. Deseño de produtos, normalización e control de calidade
- Obtención da enerxía, transformación e transporte
- Enerxías Non Renovables
- Enerxías Renovables: Actividades:
 - Construción dun coche con Pila de Hidróxeno
- Materiais e as súas propiedades
- Mecanismos e sistemas mecánicos. Prácticas
- Sistemas neumáticos. Prácticas
- Circuitos eléctricos. Prácticas con simulador
- Iniciación á Robótica